



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 7 DE ABRIL DO 2016.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día sete de abril do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 31 de marzo de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 05/04/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 393.540,19 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.






B) PROPOSTAS DE GASTO.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	04/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 100 captafaros amarelo/branco para sinalización de pasos de peóns		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (04/04/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.		
NIF/CIF:	B15937485		
Importe (IVE incluído):	350,90 €		
Observacións			

Nº Proposta		2	Data	05/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material de oficina e consumibles para a O.A.C.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.			
NIF/CIF:	J15626245			
Importe (IVE incluído):	757,94 €			
Observacións				

Nº Proposta		3	Data	05/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de monitor táctil para PET para reposición na Lonxa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SAEC DATA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SAEC DATA, S.A.			
NIF/CIF:	A36631653			
Importe (IVE incluído):	592,90 €			
Observacións				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	21/03/2016	
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro			Concellería de Cultura Fabiola García Martínez
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación de Cándido Pazó o 22/04/2016 co espectáculo "Que comerá o Rei?" co motivo da "Celebración do Ano de Castelao e Día do Libro"			
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ABRAPALABRA CREACIONES ESCÉNICAS	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ABRAPALABRA CREACIONES ESCÉNICAS			
NIF/CIF:	B70217336			
Importe (IVE incluído):	605,00 €			
Observacións	- Gasto compartido ao 50% polas dúas concellerías			

Nº Proposta	5	Data	21/03/2016	
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro			Concellería de Cultura Fabiola García Martínez
DESCRICIÓN DO GASTO	Asistencia técnica na actuación de Cándido Pazó o 22/04/2016 co espectáculo “Que comerá o Rei?” co motivo da “Celebración do Ano de Castelao e Día do Libro”			
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52932383E			
Importe (IVE incluído):	54,45 €			
Observacións	- Gasto compartido ao 50% polas dúas concellerías			

Nº Proposta		6	Data	22/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Asistencia técnica na actuación de Uxía Senlle e Santi Cebreiro o 10/04/2016 co espectáculo "Todo me fala de ti", incluído na Rede de Dinamización Lingüística		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52932383E			
Importe (IVE incluído):	54,45 €			
Observacións				

Nº Proposta	7	Data	22/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	18 horas de asistencia técnica co motivo da celebración da Feira da Educación 2016, do 27 ao 30/04/2016		
Nº orzamentos	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


aportados			
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ	
NIF/CIF:		52932383E	
Importe (IVE incluído):		326,70 €	
Observacións			

Nº Proposta		8	Data	22/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Celebración da actividade "A caravana do cine" na Feira da Educación 2016, do 27 ao 29/04/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MR. MISTO FILMS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MR. MISTO FILMS, S.L.			
NIF/CIF:	B15905672			
Importe (IVE incluído):	871,20 €			
Observacións				

Nº Proposta		9	Data	22/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Realización do obradoiro “O Reflexo das Meninas” na Feira da Educación 2016, o 29/04/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA DEL MAR CASTELAO FRAGA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		MARÍA DEL MAR CASTELAO FRAGA		
NIF/CIF:		44823390R		
Importe (IVE incluído):		171,20 €		
Observacións				

Nº Proposta	10	Data	22/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gasto en concepto de imprevistos na celebración das actividades na Feira da Educación 2016, do 27 ao 29/04/2016		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	400,00 €		
Observacións/Anexo de acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a desafectación de 200,00 € aprobados como “imprevistos que		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


	puidesen xurdir durante o mes de marzo" na Xunta de Goberno Local do 03/03/2016, para seren engadidos ao gasto do mes de abril da citada proposta.
--	--

Nº Proposta		11	Data	05/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		1.600 horas de servizos de conserxería nos fin de semana de abril a decembro de 2016 nas instalacións municipais de Cultura.		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U. - CEE ILUNION OUTSOURCING, S.A. - COMBINA SOCIAL, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U.		
NIF/CIF:		B70271614		
Importe (IVE incluído):		13.532,64 €		
Observacións				

Nº Proposta	12	Data	30/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos para convenio do Programa “Vacacións en Paz 2016”, con traslado de catro menores saharauis		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI		
NIF/CIF:	G15924558		
Importe:	3.560,00 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo a Xunta de Goberno Local , por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o borrador do <u>convenio de colaboración</u> entre o Concello de Riveira e a Asociación Solidaridade galega co Pobo Saharaui para o desenvolvemento do Programa “Vacacións en Paz 2016”		

Nº Proposta		12	Data	30/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos para actividades do Programa “Vacacións en Paz 2016”		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	240,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	13	Data	29/03/2016
-------------	----	------	------------





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos	
DESCRICIÓN DO GASTO		Accións de control da poboación da gaivota patiamarela no cemiterio de Riveira e C.E.I.P. O Grupo, no período maio a agosto de 2016	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LARUS CONTROL, S.L.N.E.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LARUS CONTROL, S.L.N.E.		
NIF/CIF:	B70252176		
Importe (IVE incluído):	1.788,85 €		
Observacións			

Nº Proposta		14	Data	05/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Benestar Comunitario Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de posta a punto de 10 illas de contenedores soterrados e mantemento das mesmas durante o período de 1 ano		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- F. GONZÁLEZ POUSA, S.L. - FORMATO VERDE, S.L. - AVANT SERVEIS I ELEMENTS URBANS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	F. GONZÁLEZ POUSA, S.L.			
NIF/CIF:	B70458120			
Importe (IVE incluído):	15.279,00 €			
Observacións				

Nº Proposta		15	Data	28/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Publicación banner na páxina Hiperlocal de Riveira, con enlace a páxina do Concello, no período de abril a decembro de 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:		A15000649		
Importe (IVE incluído):		2.772,50 €		
Observacións				

SOLICITUDES BONO-BUS.

Visto o escrito presentado por **David Abeleira Martínez**, de data 28/03/2016 (Registro de entrada nº 3.140), no que solicita a regularización da autorización de uso dos bonos de transporte, por descoñecemento da obriga de recargalos unha vez



rematados os xerados coa autorización inicial da achega, abonando a contía requirida co prezo subvencionado polo Concello, acompañados da autorización da Tesourería en cada ocasión.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro, de data 31/03/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a regularización da achega concedida a **David Abeleira Martínez**, para que poida seguir facendo uso regular dos seu bonos de transporte.

III.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DO SERVIZO PARA ELABORAR UN "PLAN ESTRATÉXICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO DO CONCELLO DE RIVEIRA, PARA O PERÍODO 2016 - 2020".

Tendo en conta a necesidade de elaborar un Plan no que se estableza unha estratexia de promoción do destino Riveira coordinada e sostible, baseada na demanda e nos recursos endóxeos, que contribúa ao desenvolvemento turístico e socioeconómico do municipio, redactouse un prego dos traballos a realizar, cun importe total de 20.570,00 euros (valor estimado do contrato: 17.000,00 euros; IVE 21%: 3.570,00 euros), e cun prazo de execución de 4 meses.

Para o financiamento da actuación existe consignación con cargo á aplicación orzamentaria 432.22706, segundo consta no documento contable "RC", de retención de créditos, expedido polo interventor accidental na data 08/03/2016 (número de operación 2016 22003284).


Por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 18.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

O artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Para a adxudicación do contrato solicitáronse ofertas por medio de escritos



da alcaldía dirixidos ós licitadores que se indican a continuación, que presentaron as súas ofertas na forma que se indica en cada caso:

Licitador	Solicitud oferta		Presentación oferta		Prezo ofertado (sen IVE)	Prazo de execución ofertado (días naturais)
	Data	Número Rexistro	Data	Número Rexistro		
MILEX DE EDICIONES, S.L.	10/03/2016	1.357	21/03/2016	2.980	16.950,00 €	110
APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L.U.	10/03/2016	1.358	17/03/2016	2.814	16.500,00 €	115
VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	10/03/2016	1.359	21/03/2016	2.981	15.100,00 €	105

De acordo co informe de valoración emitido pola técnica municipal de turismo Sandra María Fernández Gómez na data 04/04/2016, outórganse as seguintes puntuacións polas ofertas técnicas contidas nos sobres "A" dos licitadores:


Criterios	MILEX DE EDICIONES, S.L.	APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L.U.	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.
	Puntuación	Puntuación	Puntuación
Alcance	3,25	7,25	14,00
Orixinalidade e innovación	0,00	0,00	10,00
TOTAL SOBRES "A"	3,25	7,25	24,00


Vistas as ofertas económicas e de redución de prazos ofertadas, e realizado o cálculo das puntuacións a outorgar, aplicando a formula usada habitualmente neste concello nos procedementos de contratación (puntuación máxima a outorgar x mellor oferta das presentadas / oferta que se valora) resultan as puntuacións seguintes:

Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación	Prazo de execución (días naturais)	Puntuación	Puntuación sobres "B"
MILEX DE EDICIONES, S.L.	16.950,00 €	53,45	110	9,55	63,00
APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L.U.	16.500,00 €	54,91	115	9,13	64,04
VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	15.100,00 €	60,00	105	10,00	70,00

Resultando as puntuacións totais seguintes unha vez aplicados os criterios de valoración previstos:

LICITADOR	Total puntuación sobres "A"	Total puntuación sobres "B"	Puntuación total final (suma sobres "A" e sobres "B")
VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	24,00	70,00	94,00
APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL, S.L.U.	7,25	64,04	71,29





MILEX DE EDICIONES, S.L.	3,25	63,00	66,25
--------------------------	------	-------	-------

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro.- Aproba-lo Prego de prescricións técnicas asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas de data 07/03/2016, para a **Elaboración dun plan estratéxico para o desenvolvemento do turismo do Concello de Riveira 2016-2020**, cun importe total de 20.570,00 euros (valor estimado do contrato: 17.000,00 euros; IVE 21%: 3.570,00 euros), e cun prazo de execución de 4 meses.


Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación como contrato menor.


Terceiro.- Aproba-lo gasto con cargo á aplicación orzamentaria **432 22706**.

Cuarto.- Adxudicar o contrato menor para a **"Elaboración dun plan estratéxico para o desenvolvemento do turismo do Concello de Riveira 2016-2020"** á empresa clasificada en primeiro lugar **"VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L."** (NIF B15829443), no prezo total do contrato de **18.271,00 euros** (Base: 15.100,00 euros; IVE 21%: 3.171,00 euros), e cun prazo de execución de **105 días naturais**, de conformidade coa súa oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/03/2016 co número 2.981.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.





V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Vázquez Segade**, de data 19/02/2016 (Rexistro de entrada nº 1.632), no que solicita licenza de obra para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Avda Miguel Rodríguez Bautista nº 11, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0518805NH0101N0001ZF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 29/03/2016, e ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 05/04/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a José Vázquez Segade **LICENZA DE OBRAS (Nº 26/16)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Avda Miguel Rodríguez Bautista nº 11, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0518805NH0101N0001ZF, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 15.2.16 redactado por Sergio Lucio Paniccia:


- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30*






centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".





- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- Visto o escrito presentado por **Luis Sobrido Franco**, de data 11/02/2016 (Rexistro de entrada nº 1.329), no que achega proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 11/06/12 para engadir a expediente de licenza de obras nº 120/12.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 01/04/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/04/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 11/06/2012 redactado por Francisco Calvo Pérez.

3.- Visto o escrito presentado por **Noemí Romero Oujo**, de data 22/11/2015 (Rexistro de entrada nº 13.033), no que achega proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17/12/15 para engadir a expediente de licenza de obras nº 84/15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 17/03/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/04/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17.12.15 redactado por Sergio Lucio Paniccia:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*





VIII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Noemí Romero Oujo**, de data 04/03/2016 (Rexistro de entrada nº 2.114), no que solicita certificación de aliñación para parcela sita en Lugar de Graña, Cares (Licenza de obras nº 84/15):

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 01/04/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Categoría de solo: Núcleo Rural C

LEXISLACIÓN APLICADA

-Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia modificada (LOUGA).

-Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acordo plenario da corporación do 17/02/2002.

INFORME


Nas condicións descritas en proxecto, dado que non se reflicten aliñacións específicas na cartografía do PXOM, a parcela cuxa fronte da ao vial tipo II está sometida ao réxime xeral de aliñacións definido no art. 89 do PXOM que establece en viais do citado tipo II a distancia da aliñación ao eixo do vial se determina en 8 metros.


Por iso conclúese que a aliñación a aplicar é a correspondente á liña paralela ao eixo do vial trazada a unha distancia de 8 metros.

2.- Visto o escrito presentado por **Antonio Rodríguez Cabeza** en representación de **Royca Car, S.L.**, de data 18/03/2016 (Rexistro de entrada nº 2.883), no que solicita certificación de que a empresa Royca Car, S.L. non ten expedientes abertos (reguladores ou sancionadores) por urbanismo afectos á nave da súa propiedade sita no Polígono Industrial de Xarás, 3 (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, **José Martínez De Llano Orosa**, de data 01/04/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que consta expediente de disciplina urbanística DU 8/09 incoado por Decreto de Alcaldía de data 3 de xuño de 2009, Antonio Rodríguez Cabeza aen nome e representación da empresa ROYCA CAR S.L. en relación ao inmovible sito no Polígono Industrial de Xarás nº 3, Riveira en concreto:





(...)

Pola existencia dun recheo de materiais procedentes de escavación, composto maioritariamente por terras e residuos de construción e/ou demolición, nunha parcela emprazada entre o taller de reparación de vehículos Royca-Car S.L., e o trazado da autovía do Barbanza no seu último tramo previo á rotonda de Xarás. Esta parcela, obxecto do recheo, é de titularidade municipal.

O recheo está composto por residuos de tipoloxía diversa (básicamente residuos de construción e/ou demolición) e terras de escavación, feito que provoca unha afección ambiental e visual severa no principal acceso a Riveira dende a autovía. A superficie perxudicada pola actuación resulta ser de aproximadamente 100 m². A actuación ilegal cuxo fin parece ser a ampliación da superficie útil da actividade, está invadindo a zona de servidumbre da autovía do Barbanza."

3.- Visto o escrito presentado por Manuel Peleteiro Bandín en representación de **Manuel Sieira Sampedro**, de data 31/03/2016 (Rexistro de entrada nº 3.379), no que solicita certificación urbanística da parcela sita en Praza Porta do Sol e Rúa Ramón y Cajal (Riveira) – Ref. catastral: 0715916NH0101N0001BF.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Oficina Técnica Municipal, de data 01/04/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Persoados os Servizos Técnicos Municipais na edificación para a que se pide a verificación de deslinde, compróbase que os seus lindeiros son: Norte, Sur e Oeste, Praza da Porta do Sol; Leste, Rúa Ramón y Cajal.


A Praza da Porta do Sol polo Norte e Oeste eran, orixinariamente, as parcelas que se adxudicaron a favor do Concello de Riveira no proxecto de compensación coa mercantil "Eprovisa Promotora Gallega, S.A.", aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 17 de agosto de 2006.


IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Rocío Martínez Bermúdez**, de data 10/03/2016 (Rexistro Policía Local nº 645/2016, de data 15/03/2016), no que solicita anclar con herraxes un contenedor de lixo á altura do nº 1 da Estrada Faro (Corrubedo) e, así mesmo habilitar unha zona de carga/descarga.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/03/2016 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- a) Autorizar o anclaxe do contenedor de lixo no lugar máis conveniente para evitar posibles riscos ocasionados pola mala visibilidade ou incidencias meteorolóxicas, segundo o sinalado no citado informe policial.
- b) Autorizar a habilitación dunha zona de carga e descarga estacional (Semana Santa, verán,...) mediante sinalización provisional, segundo o sinalado no citado informe policial

2.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DEZ AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DO VERÁN 2016.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes

ANTECEDENTES

1. Mediante escrito de data 11/03/2016 o Sr. Alcalde do Concello de Riveira solicita ao departamento de secretaría e servizos xerais a tramitación do correspondente expediente para a contratación de dez auxiliares de policía local durante os meses de xuño a novembro ante o considerable aumento de poboación que se produce no Concello de Riveira na época estival e tendo en conta a necesidade urxente de reforzar un servizo de carácter esencial como é o servizo de seguridade pública que na actualidade e segundo o informe do Xefe – Intendente da Policía viuse minorado en cinco funcionarios debido a baixa de longa duración de dous deles , a concesión de coidado por familiar doutro sumado a unha vacante por




xubilación e a excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector publico doutro funcionario o que fai que os sevizos policias se encontren en precario resultando moi complicado as veces cubrir dito servizo especialmente durante as tardes e as noites.


2. Na data 21/03/2016, remítese por correo electrónico un borrador das bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal auxiliar de policía local, á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co disposto no artigo 16.a) da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais en relación co artigo 6.3 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

3. Na data 05/04/2016, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, remite o seguinte informe: Que as bases son acordes coa Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia (Lei 4/2007, do 20 de abril e a sua normativa de desenvolvemento). Respeto a creación de unha bolsa de traballo base 13ª da convocatoria) a actual normativa de coordinación de policía locais non prevé esta posibilidade, agás que a previsión contida na convocatoria analizada esté referida á contratación de persoal auxiliar de policía local nos termos que refire o artigo 95 da lei 4/2007, do 20 de abril. Nos supostos de empate nas cualificacións do persoal participante, debería terse en conta a lei 7/2014, de 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres, Artículo 37 Actuaciones especiales en caso se infrarrepresentación 1. Cando un determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino na oferta de emprego público establecerase que , de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxetivamente todas as circunstancias concurrentes nos candidatos de ambos sexos existen moitivos non discriminatorios para preferir o home. 2. Enténdese, a estos efectos, a existencia da infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e número de homes. Salientarase a necesidade de cobertura de prazas vacantes no cadro de persoal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do texto refundido do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo EBEP).





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Segundo dispón o artigo 61.7 do EBEP, os sistemas selectivos do persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos no artigo 55.2 do EBEP, xa que este precepto, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferencia entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do EBEP (*"axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección"*), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

No presente caso, é necesario proceder á selección de dez (10) auxiliares de policía durante 6 meses dende o mes de xuño a novembro a fin de cubrir a tempada de verán e as necesidades actuais do persoal do corpo da Policía que por diversas causas foi minorado durante o presente ano segundo o informe do Xefe – Intendente da Policía, cuxa regulación específica ven establecida na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e pola Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temario e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

O artigo 95 da Lei 4/2007 dispón:

"1. Nos concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas poderase incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía. O dito incremento non superará o cincuenta por cento do persoal funcionario da Policía Local, e tampouco poderá ter unha duración de máis de catro meses en período anual.


2. O establecemento do persoal a que se refire este punto requirirá a tramitación polos respectivos concellos dun expediente motivado, do cal se deberá dar conta á consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia.

3. Os auxiliares de policía local desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio aos membros do corpo de Policía local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

4. A selección farase seguindo criterios semellantes aos fixados para os integrantes dos corpos da Policía local, recollidos no artigo 35 desta lei.

5. Para o acceso a auxiliar da Policía local requirirase a certificación de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo D dos establecidos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

6. Para poder exercer estas funcións, os auxiliares terán que superar previamente un curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública.



7. En determinados casos, debida e obxectivamente xustificados á consellería competente, poderase permitir a contratación ós concellos dun número de auxiliares superior ao mencionado no número 1 deste artigo, ou por prazo de tempo superior que non excederá, en todo caso, dos seis meses dentro do ano natural "

Enténdese que, neste expediente, se cumpre co disposto neste artigo.

Segundo.- Neste ano 2016, para a contratación de persoal laboral temporal por parte das administracións públicas, compre ter en conta o disposto no artigo 20.2º, da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, de carácter básico, e que dispón o seguinte: *"Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais."*

A este respecto, consta no expediente escrito asinado polo alcalde no que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, xustifica o carácter esencial do servizo que se vai prestar e, polo tanto, da urxencia e necesidade de realizar a referida contratación.

Enténdese así, que se cumpre co disposto no artigo 20.2. da citada lei estatal, xa que o primeiro dos límites citados polo artigo ("*necesidades urxentes e inaprazables*") resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.


Polo que se refire a cales son os sectores, funcións e/ou categorías profesionais prioritarios, non existe no ordenamento xurídico ningunha regra ou criterio que os determine, xa que o concepto de prioridade, aplicado á acción pública, non é mais un concepto político que xurídico, de forma que corresponde a cada Goberno, neste caso ao Goberno Local, ordenar as súas prioridades no ámbito das súas respectivas competencias.

Tampouco existe unha definición legal de "*servizo esencial*", senón que cada Administración é a que determina cales dos servizos que presta son esenciais.

Terceiro.- Enténdese que, neste caso, a modalidade contractual que debe empregarse é o contrato de duración determinada por acumulación de tarefas (contrato eventual por circunstancias da produción), regulado no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, xa que é un contrato que se destina a satisfacer o incremento temporal ou excepcional do volume de traballo que non pode ser cuberto pola plantilla fixa da empresa, pero que, pola súa propia transitoriedade, non xustifica unha ampliación permanente da citada plantilla.

Debe facerse por escrito cando teña unha duración superior a catro semanas ou sexa a tempo parcial.

No contrato debe consignarse con precisión e claridade a causa e circunstancia que o xustifique, o carácter da contratación, o tempo de vixencia e o traballo a desenvolver.





Pode celebrarse a xornada completa ou a tempo parcial.

Neste modalidade contractual pode convirirse período de proba.

A duración máxima deste contrato será de seis meses dentro dun período de doce meses, aínda que no caso dos auxiliares de policía a súa regulación específica limita a duración do contrato a un período máximo de catro meses en período anual. O contrato extingüese por expiración do prazo pactado, previa denuncia ou comunicación da empresa.

Cuarto.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 15/06/2011.

Por todo isto, vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola Técnico de Persoal, Ariana Cajaraville Chacón, de data 06/04/2016, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 06/04/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Aproba-las bases que a continuación se transcriben para a contratación de dez auxiliares de policía local.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DEZ AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de oposición libre, de **dez Auxiliares de Policía Local**, que desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio ós membros do Corpo da Policía Local, no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción, previsto no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e a súa duración será de 6 meses contados a partir da sinatura do mesmo.


Os contratos serán por xornada semanal a tempo completo, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá, tarde ou noite, durante tódolos días da semana, segundo a organización do Servizo, cos descansos semanais que lles correspondan.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ós postos de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no Orzamento Municipal vixente.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do texto refundido 5/2015, de 30 de outubro do Estatuto



Básico do Emprego Público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.

- b) Ter cumpridos 18 anos de idade.
- c) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título académico de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou doutro equivalente ou que os englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presenta-las instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.

- d) Ter unha estatura mínima de 1'65 metros os homes, e de 1'60 as mulleres.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
- f) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- g) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.


As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.


As ditas solicitudes presentaranse no citado Rexistro (os días laborais de 9:30 a 13:30 horas, agás os sábados que o Rexistro pecha ás 13:00 horas) durante o prazo de 10 días naturais, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio da convocatoria tamén se publicará nun dos diarios de maior tirada de Galicia, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: tecpersonal@riveira.com

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de 12,18 euros en concepto de matrícula. O dito importe poderase facer efectivo ben directamente nas arcas municipais ou ben mediante xiro postal ou telegráfico, así como mediante ingreso na seguinte conta municipal (cos datos persoais do aspirante e prazo a





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

que opta), número de conta de BBVA: ES54-0182-5820-13-0000002454, e será devolto unicamente no caso de que o aspirante non sexa admitido ó proceso selectivo por falta dos requisitos esixidos para participar no mesmo ou por presenta-la solicitude fóra de prazo. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

b) Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

c) Copia compulsada da titulación académica esixida na letra c) da Base 3ª.

d) Certificado médico en impreso oficial no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para realizar cada un dos exercicios físicos previstos neste proceso selectivo. Este certificado será imprescindible para ser admitido á realización do exercicio que valore a súa aptitude física. Se por causas non imputables ó interesado este non puidese presenta-lo mencionado documento médico no indicado prazo poderase presentar posteriormente, en todo caso, sempre antes do inicio do exercicio.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo máximo de dez días naturais, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase, exclusivamente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web oficial do Concello (www.riveira.es), no apartado "taboleiro de anuncios".

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de tres días naturais, contados desde o día seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.


Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es).

A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 9ª.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015 do estatuto básico do empregado público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.





Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaren tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulga-las respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.


7ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.


A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requirir-lles en calquera momento aos opositores que acrediten a súa identidade.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

A publicación dos resultados obtidos en cada un dos exercicios, así como os anuncios convocando ós aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web oficial do Concello.

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación (Anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (DOG. número 22, da data 02/02/2009; corrección de erros DOG. número 31, da data 13/02/2009).

A.- COMPROBACIÓN DA ESTATURA E PROBAS DE APTITUDE FÍSICA.

- A.1.- COMPROBACIÓN DA ESTATURA.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

- A.2.- PROBAS FÍSICAS.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.2.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm.	33 cm.	29 cm.
Mulleres	32 cm.	28 cm.	25 cm.

A.2.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.


Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo ou grupo de idade:



	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

B.- PROBA DE COÑECEMENTOS.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

(Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.)

C.- PROBA ESPECÍFICA SOBRE COÑECEMENTO DO TERMO MUNICIPAL E DA TOPONIMIA LOCAL.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

D.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.


A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, sometendoos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.


Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 2, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

8ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios a relación dos aspirantes aprobados por orde decrecente da puntuación total final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na proba de coñecemento do temario e do termo municipal e toponimia local), con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos aspirantes que obtiveran as puntuacións máis altas e en función do número de prazas convocadas (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas).

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, terase en conta o disposto no artigo 37 da lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres que dispón "1. Cando un determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino na oferta de emprego público establecerase que, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxetivamente todas as circunstancias concurrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir o home. 2 Entendese, a estos efectos, a existencia da infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferen-





porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e número de homes. E supletoriamente estas resolveranse pola puntuación obtida no primeiro exercicio e, se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida no seguinte exercicio ata que se resolva o mesmo. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a correspondente Acta.

O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Cada un dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de cinco días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Número de afiliación á Seguridade Social.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reuni-los requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento para a contratación, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.


10ª.- CURSO DE FORMACIÓN.


Previamente ó nomeamento para a contratación, os aspirantes propostos para a contratación deberán participar nun curso específico de formación teórico-práctico convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ó dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de Coordinación de Policía Local.

Os gastos que se deriven pola asistencia ó referido curso serán a cargo dos aspirantes.

11ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos opositores propostos polo Tribunal Cualificador que superasen o curso de formación citado na Base





anterior, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a presta-la súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable.

12ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de quince días, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Riveira, baixo calquera modalidade de contratación.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, maternidade e adopción ou acollemento, que poidan afectar ao traballador/a.

13ª.- BOLSA DE EMPREGO.

A lista complementaria de reserva prevista na Base 8ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha das prazas contratadas ó abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a estas prazas).

Os/as aspirantes que resultasen nomeados no proceso regulado nestas bases, unha vez rematada a duración dos contratos laborais ao que estas se refiren, pasarán a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda pola súa puntuación.

No caso de se producir unha vacante nun posto de traballo de igual categoría ou cualificación existente no cadro de persoal deste Concello, ou cando haxa que substituír a un traballador con dereito a reserva do posto de traballo, tamén de igual categoría ou cualificación, acudirase á referida bolsa de emprego.

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto de traballo o departamento de secretaría e servizos xerais avisará á persoa que, segundo a orde de prelación, lle corresponda ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo a orde de prelación establecida na bolsa de emprego.


Os chamamentos faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ao interesado, debendo quedar constancia, en todo caso, da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto polo funcionario que os realizase.


A orde de selección dos aspirantes incluídos na bolsa de emprego irase modificando cos conseguíntes nomeamentos e contratacións, de acordo coas seguintes regras:

a) Se o aspirante chamado non puidera ser nomeado por causa debidamente xustificada e discrecionalmente apreciada polo Órgano competente desta Administración, conservará a súa orde de prelación na bolsa de emprego; en caso contrario, será excluído da mesma.

b) Se calquera dos integrantes da bolsa de emprego renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído daquela.

c) Se unha vez nomeado e contratado un aspirante ó abeiro desta Base, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da bolsa de emprego no momento de ser chamado; se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupa-lo último lugar da lista.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

En razón da urxencia das substitucións, queda facultada a Alcaldía para realiza-los nomeamentos temporais a que se refire esta Base.

Esta Base terá vixencia entre tanto non se leve a cabo outra Convocatoria, perdendo validez, neste caso, a bolsa de emprego que ata entón estivera vixente, pero sen que isto afecte ó persoal nomeado en virtude das mesmas e durante a súa vixencia.

Non obstante todo o anterior, o órgano competente da Corporación poderá optar pola aprobación de bases específicas e a celebración das pertinentes probas selectivas para a cobertura temporal daquelas prazas que así o estime.

13ª.- TEMARIO.

Para a realización da proba de coñecementos a que se refire o apartado B da Base 7ª terase en conta o Temario recollido no Anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009 xa citada, que é o seguinte:

Tema 1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

Tema 2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

Tema 4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

Tema 5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

Tema 6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

Tema 7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

Tema 8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

Tema 9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

Tema 10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

Tema 11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.


Tema 12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

14ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Estatuto Básico do Empregado Público, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei de Coordinación das Policía Locais de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, Decreto 204/2000 de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece na Base 4ª), os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.riveira.es), no apartado "taboleiro de anuncios". Estas





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten a aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.


A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 7 de abril de 2016



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle

